

MEMORIA XUSTIFICATIVA, ECONÓMICA E ESTRATÉXICA.

Expediente: FAP 24.2025

Obxecto: convenio de colaboración entre a Consellería de Facenda e Administración Pública e a Asociación Gallega de Ludópatas en Rehabilitación (AGALURE) para o desenvolvemento de accións en materia de xogo responsable, durante o ano 2025

1. Atribucións competenciais.

O artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, establece que o conselleiro é a autoridade superior da Consellería e, como tal, ostenta a representación do departamento que preside.

No exercicio das súas competencias, o conselleiro de Facenda e Administración Pública e a asociación AGALURE, teñen previsto formalizar un convenio de colaboración para o desenvolvemento de accións en materia de xogo responsable, durante o ano 2025.

O artigo 4, letra d) do Decreto 141/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública, atribúelle á súa Secretaría Xeral Técnica e do Tesouro as competencias autonómicas en materia de xogo.

A Asociación Gallega de Ludópatas Rehabilitados (AGALURE) consta inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia co número 2004/007181-1º e ocúpase de ofrecer atención especializada a persoas que padecen ludopatía e problemas derivados da adicción ao xogo, así como a realizar funcións de información, orientación e sensibilización ao conxunto da sociedade.

2. Obxecto e finalidade.

O obxecto do convenio consiste en establecer o marco de colaboración entre a Consellería de Facenda e Administración Pública e a Asociación Gallega de Ludópatas Rehabilitados (AGALURE), a través da concesión directa dunha subvención en favor da dita asociación para o financiamento de gastos indirectos, en particular, os de aluguer do local da asociación e de subministración de telecomunicacións e enerxía, que debe soportar a asociación para o desenvolvemento de accións de prevención, promoción, divulgación, información, asesoramento en materia de xogo responsable.

O financiamento por parte desta consellería dos custos indirectos que deba soportar a asociación para o normal desenvolvemento das súas funcións é un aoio





fundamental para a supervivencia da función social que están a desenvolver e, desta forma, igualmente a consellería da cumprimento ás competencias que ten asumidas en materia de xogo.

É necesario destacar a labor realizada pola devandita asociación no apoio ao colectivo de persoas afectadas pola ludopatía e ás súas familias, así como a labor de difusión e sensibilización que axuda a detectar o problema coa finalidade de realizar as actuacións preventivas necesarias e que fomente o apoio e a comprensión social para con estas persoas.

A Asociación AGALURE desenvolve a súa labor en toda a Comunidade Autónoma Galega.

Polo exposto considérase conveniente a sinatura dun convenio de colaboración coa Asociación AGALURE dirixido a paliar os problemas do colectivo de persoas con adicción ao xogo en Galicia e prever e sensibilizar á sociedade a través de campañas de información e divulgación

3. Idoneidade do convenio de colaboración e cumprimento da normativa aplicable.

De acordo co establecido no artigo 2.1.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o programa a subvencionar ten por obxecto o fomento e desenvolvemento dunha actividade de interese social en canto vai destinado a satisfacer as necesidades inherentes á inserción socio laboral de persoas mozas.

Non resultan de aplicación ao convenio de colaboración os principios de publicidade e concorrència pública, en razón de que só existen dúas asociacións en Galicia que presten servizos de apoio específico ás persoas con problemas de adicción ao xogo e ás súas familias e, ambas as dúas asociacións son beneficiarias dunha subvención por parte da Consellería de Facenda e Administración Pública en idénticos termos. É por iso que estímase xustificada a imposibilidade de promover a concorrència pública de conformidade co previsto no art. 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo o artigo 19.4 c) da mesma lei establece que, con carácter excepcional, poderán concederse de forma directa subvencións para aquelas actuacións que acrediten razóns de interese social e humanitario.

A entidade cumpre cos requisitos para obter a condición de beneficiario da subvención de acordo co disposto no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.





O instrumento convencional queda fóra do ámbito de aplicación do texto da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ao abeiro do seu artigo 4.

4. Condicións económicas, xustificación e pagamento previstos no convenio de colaboración.

Para a execución das actividades a subvencionar e de acordo co establecido no artigo 21.1 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Consellería de Facenda e Administración Pública achegará á asociación AGALURE, a cantidade de sete mil euros (7.0000 €), con cargo á aplicación orzamentaria **10.01.611A.481.10 (CP: 2018 00106)** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, na que existe crédito axeitado e suficiente para dar cobertura económica aos compromisos contraídos en virtude do presente convenio, gastos que deberán xustificarse de forma apropiada de acordo coas súas cláusulas.

En todo caso, a cantidade máxima que se obriga a achegar a consellería, reducirase na mesma na proporción que represente a cantidade xustificada respecto do orzamento total presentado.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión das subvencións e, en todo caso, a obtención concorrente de axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

As ditas cantidades destinaranse exclusivamente e de xeito indubidable a financiar o alugueiro das instalacións do Centro Asistencial de AGALURE, situado na rúa Pasteur, 30 baixo (A Coruña), así como os gastos de mantemento do local social, en particular, os relativos á subministración enerxética e de telecomunicacións.

En ningún caso o coste de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que incorrese a asociación como consecuencia da realización de actuacións acordes co obxecto do convenio e que se teñan efectuado con anterioridade á sinatura do mesmo, sempre que se trate de gastos correspondentes ao actual exercicio económico.





5. Análise do gasto.

Tipoloxía Actuación	Gasto subvencionable	Importe convenio actual	Importe convenio anterior	Execución	Variación (termos absolutos)	Variación (termos %)	Motivación
Subvención directa	aluguer do local da asociación e de subministración de telecomunicacións e enerxía	7.000 €	5.000 €	5.000 €	2.000 €	28,58 %	Necesidade de compensar a suba xeneralizada de prezos de consumo.

- Trátase dun gasto recorrente da Xunta de Galicia, se ben a Consellería de Facenda e Administración Pública asumiu este gasto no ano 2024, ao abeiro dunha reorganización administrativa na que a Secretaría Xeral Técnica e do Tesouro asumiu as competencias autonómicas en materia de xogo. En anos anteriores ao 2024, esta colaboración coa asociación AGALURE víñase desenvolvendo coa Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.
- Neste ano 2025, incrementa o importe da subvención en 2.000 euros do de anos anteriores, para tentar compensar a suba xeral de prezos de consumo.
- De acordo co orzamento do 10.03.2025, presentado por AGALURE, asinado polo seu tesoureiro co visto e praxe do presidente e que consta no expediente, o importe da actividade a financiar é de **7.117,82 euros**.

6. Fitos e obxectivos.

- **Eixe 1.** O reto demográfico
- **PA04** - Fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade
- **E02** - Fomentar a promoción da saúde e a prevención de enfermidades e problemas de saúde
- **0007** - Sensibilización e concienciación sobre as consecuencias dunha práctica inadecuada do xogo, especialmente relacionadas cos riscos de ludopatía

INDICADORES CLAVE

- **P00076** - Entidades beneficiadas.





6. Territorialización.

Tendo en conta os usuarios que se benefician das actividades da asociación esténdese a todo o territorio autonómico e que o obxecto do convenio de colaboración é unha contribución ao financiamento global da súa actividade, procede a seguinte área xeográfica do gasto:

- **50.000** – Comunidade Autónoma de Galicia

Santiago de Compostela, na data da sinatura

O secretario xeral técnico e do Tesouro

David Cabañó Fernández

